

13

NA ESTEIRA DO FEMINISMO

ILUSTRADO

ESCRIBIR PARA TRANSFORMAR

O MUNDO

DÁNDOLLE A VOLTA

NAS BEIRAS DO SAR

NA ESTEIRA DO FEMINISMO ILUSTRADO



Rosalía de Castro é legataria da premisa ilustrada que reconece a liberdade e igualdade de todos os seres humanos. O seu feminismo resulta da firme aplicación desta máxima, actualizando as reivindicacións de Claire Lacombe, Pauline León, Théroigne de Méricourt ou da autora da Declaración dos dereitos da muller e da cidadá (1791), Olympe de Gouges. Da mesma maneira que as precursoras do movemento feminista, Rosalía postula un proxecto igualitario de natureza revolucionaria.

El caballero de las botas azules (1867) é a novela más complexa da producción da autora

"Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas, mais o que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres: criaturas amantes para os seus i os estráños, cheas de sentimento, tan esforzadas de corpo como brandas de corazón, e tamén tan desdichadas que se dixeran nadas solasmentes para rexer cantas fatigas poídan afrixir á parte mais frixa e inel da humanidade"

Fragmento do prólogo de *Follas Novas* (1880)

Afonais
da auto

14

NA ESTEIRA DO FEMINISMO
ILUSTRADOESCRIBIR PARA TRANSFORMAR
O MUNDO

DÁNDOLLE A VOLTA

NAS BEIRAS DO SAR

ESCRIBIR PARA TRANSFORMAR O MUNDO

A fundadora da literatura galega contemporánea renunciou a unha práctica literaria costumista e sentimental. Aínda que esta era a única parcela reservada ás plumas femininas, a súa obra pone ao servizo dunha revolución social e nacional. O poema inaugural de *Follas Novas* (1880) resulta ser un auténtico manifesto feminista.

Monumento a Rosalía
de Castro, en Santiago
de Compostela




Portada da 1ª edición de *Follas novas* (1880)

*Daquellos que cantan as pombas e as frías
Todes din que teñen alma de muller;
Pois en que nás canto, Virxe da Palma,
¡Ai!, ¿de que a teré?*

Follas Novas (1880)

Emilio Castelar (1832-1899)

foi o encargado de escribir o prólogo da obra



D. Juan A Baldonedo,
Secretario de la "Sociedad de Bene-
ficiencia de Naturales de Galicia."

Certificado: Que en el acta de
la reunión general celebrada el día veintidós de Enero de mil ochocientos setenta y dos aparece el
siguiente acuerdo:
"Del propio modo a propuesta de D. Enrique Pascual, quedó nombrada Socia Honoraria de esta institución la Sra. D^{ra}. Rosalía de Castro de Murguía, dulcísima poética y entusiasta cantora de las glorias de Galicia, donde vio la luz del dia."

Habana, a treinta de Octubre de mil ochocientos setenta y tres.

J. A. Baldonedo
El Director

D. Juan A Baldonedo,
Secretario de la "Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia"

Certifico: Que en el acta de la Junta General celebrada el dia veintiocho de Enero de mil ochocientos setenta y dos aparece el siguiente acuerdo:

"Del propio modo a propuesta de D. Enrique Pascual, quedó nombrada Socia Honoraria de esta institución la Sra. D^{ra}. Rosalía de Castro de Murguía, dulcísima poética y entusiasta cantora de las glorias de Galicia, donde vio la luz del dia."

Y para que conste expido la presente en la Habana a treinta de Octubre de mil ochocientos setenta y tres.

Documento que certifica o nomeamento de Rosalía de Castro como Socia Honoraria da Sociedade de Beneficencia dos naturais de Galicia na Habana. O apoio da emigración galega resultou fundamental para que a obra pudese ser publicada.


esteiro
da
galaxia



DÁNDOLLE A VOLTA


Rosalía de Castro defendeu que o papel da muller no mundo non debía ser unicamente o de nai e esposa no seo do matrimonio. No poema que podes ler, cuestiona a ancestral distribución de tarefas da sociedade decimonónica. A través da técnica da inversión dos papeis atribuídos aos protagonistas da composición efectúa unha denuncia que segue sendo válida hoxe en día.

Xan vai coller leña ó monte,
 Xan vai a Compoñer cestos,
 Xan vai a poda-las viñas,
 Xan vai a apaña-lo esterco.
 E leva o fol ó muíño,
 E trai o estrume ó cortello
 E vai á fonte por augua,
 E vai á misa Cos nenos,
 E fai o leito i o caldo...
 Xan, en fin, é un Xan Compreto,
 desos que a cada muller
 lle conviña un polo menos.
 Pero Cando un busca un Xan
 casi sempre atopa un Pedro.



Pepa, a fertunada Pepa,
 Muller do Xan que sabemos,
 Mientras seu home traballa
 Ela lava os pés no rego,
 Cáttalle as pulgas ó gato,
 Peitea os longos cabelos,
 Bótalles millo ás galinhas,
 Marmura co irmán do Crego
 Mira se hai ovos no niño,
 Bota un olló ós mazanceiros,
 E lambe a nata do leite,
 E si pode bota un neto
 Ca Comadre, que agachado
 Traillo en baixo do mantelo,
 E cando Xan pola noite
 Chega cansado e famento,
 Ela xa o espera ante as mantas,
 E ó velo entrar dille quedo:

-Por dios, non barulles moi...
 que me estou mesmo morrendo.
 -Pois que tes, na mullerina?
 -que hei de ter? déita eses nenos
 que esta madre roe en miñ
 Cal roe un can nun codelo,
 I ó cabo ha de dar comigo
 Nos terrós do simiterio...
 -Pois, na Pepa, toma un trago
 de resolio que aquí teño,
 E durme, na mullerina,
 Mientras os meniños deito.
 de bágoas se enchen os ollos.



de Xan ó ver tales feitos,
 Mas non temás, que antre mil
 N'hai máis que un anxo ante os demos,
 N'hai máis que un tormentado
 Antre mil que dan tormentos.

"Xan", en Follas Novas (1880)

16

NA ESTEIRA DO FEMINISMO

ILUSTRADO

ESCRIBIR PARA TRANSFORMAR

O MUNDO

DÁNDOLLE A VOLTA


NAS BEIRAS DO SAR

NAS BEIRAS DO SAR

Os anos finais da vida de Rosalía transcorrem nas Torres de Hermida e mais na casa da Matanza. O Sar e as suas férreas ribeiras seguem a ser un bálsamo para as feridas da escritora, que nunca abandonou a práctica literaria. A esta etapa pertence a novela *El primer loco* (1881) e mais *En las orillas del Sar* (1884), obra fundamental da literatura española.



Casa da Matanza, tal e como era os derradeiros días de Rosalía




Manuel Murguía, Rosalía de Castro e os seus fillos Alexandra, Auri, Amara, Gala e Ovidio en 1884.

*¡Oh gloria!, deidad vana cual todas las deidades
Que en el orgullo humano tienen altar y asiento,
Jamás te rendí culto, jamás mi frente altaiva
Se inclinó de tu trono ante el desel soberbio.*

*En el dintel oscuro de mi pobre morada
No espero que detengas el breve alado pie;
Porque jamás mi alma te persiguió en sus sueños,
Ni de tu amor voluble quiso gustar la miel.*

Poema derradeiro de *En las orillas del Sar* (1884)

*¡Cuántos te han alcanzado que no te merecían,
Y cuántos cuyo nombre debiste hacer eterno,
En brazos del olvido más triste y más profundo
Perdidos para siempre duermen el postrer sueño!*



Rosalía de Castro